

**SECCIÓN DE SERVICIOS**  
**INFORME TÉCNICO DE NECESIDADE**

Asunto: Informe Técnico Necesidade Obra "**AMPLIACIÓN DE SANEAMIENTO EN NEBRIXE (BRIBES)**", POS + 2018 Adicional.

Expediente **2018/C003/000026**

**Antecedentes:**

1. Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS + 2018" publicadas no BOP número 188 do 3 de outubro de 2017.
2. Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018. publicadas no BOP número 94 do 21 de maio de 2018.
3. Circular da Deputación recibida o 23 de maio de 2018, sobre aprobación do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS + 2018.
4. Circular Complementaria da Deputación recibida o 18 de xuño de 2018, sobre aprobación do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS + 2018. Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018 considerouse definitivamente aprobado o Plan.
5. Circular recibida o 20 de setembro de 2018 sobre a aprobación da 1ª fase do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2018. POS+ adicional 1/2018 por maior achega provincial 1ª fase.

**Informe:**

Este concello elaborou o **Plan de Obras e Servizos 2018** (POS + 2018) seguindo os criterios que se establecen en función dos orzamentos mínimos que se requiren para a inclusión de obras e servizos de competencia municipal obrigatorios de conformidade coa Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de acordo cos datos que figuran na Enquisa de infraestrutura e equipamento local, xestionada pola Deputación Provincial da Coruña, utilizada como instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades dotacionais básicas para os efectos da cooperación económica local.

Dentro dos criterios considerados no parágrafo inicial, o Concello de Cambre presentou para a súa execución dentro do plan do ano 2018, como **Plan Adicional**, varias obras, entre elas, a denominada “AMPLIACIÓN DE SANEAMENTO EN NEBRIXE (BRIBES)”, que conta cun Presuposto de Execución por Contrata IVE engadido de 65.716,38 euros, dos cales a Deputación financia o 100% do importe, redactado pola técnico que suscribe este informe. O prazo estimado é de tres (3) meses. Este proxecto pretende básicamente a ampliación dunha rede de colectores de PVC pared compacta SN-4 de 315 mm que discurrirán polo eixo dos viarios municipais 394, 399, 400, 402 e 403. Para resolver os cambios de dirección e entronques de acometidas desde sumidoiros colocaranse pozos de rexistro de anillos prefabricados de formigón, dotados de cerco e tapa de fundición dúctil clase D- 400 Tipo Rexel, abisagrada e insonorizada.

**O prazo para contratar a obra remata o 30 de novembro de 2019. O prazo de xustificar a execución das obras remata o 30 de noviembre de 2020.**

#### **Nomenclaturas CPA e CPV**

A Nomenclatura CPA-2008, segundo o Regulamento (CE) Número 451/2008 do Parlamento Europeo e do Consello de 23 de abril de 2008 polo que se establece unha nova clasificación estatística de produtos por actividades (CPA) e derrógase o Regulamento (CEE) número 3696/93 do Consello, é a seguinte:

- 42.11.2 Trabajos de construcción de autopistas, carreteras, calles y otras calzadas para vehículos o peatones, y de pistas de aeropuertos.
- 42.21.2 Trabajos de construcción de redes para fluidos.

Segundo o Regulamento (CE) Número 213/2008 da Comisión do 28 de novembro de 2007 que modifica o Regulamento (CE) Número 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aproba o Vocabulario común de contratos públicos (CPV), e as Directivas 2004/17/CE e 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos dos contratos públicos, no referente á revisión do CPV, a obra obxecto de licitación ten como Vocabulario común de contratos, o seguinte:

- 45232440-8 Trabajos de construcción de tuberías para aguas residuales
- 45233223-8 Trabajos de repavimentación de calzada

#### **Medios personais e materiais:**

Para a correcta execución das obras considerase necesario adscribir a ésta como mínimo os seguintes medios:

#### **Medios personais:**

- 1 Capataz
- 1 Oficial de primeira
- 1 Peón especialista
- 1 Peón

Maquinaria (1 Ud de cada):

- Barredora
- Cortadora
- Hormigonera
- Retroexcavadora
- Camión basculante
- Pala mixta
- Compactadora
- Cisterna de auga
- Extendedora
- Fresadora

Medios Auxiliares(1 Ud de cada):

- Martillo picador hidráulico

**Clasificación do contratista:**

Segundo o Artigo 77 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, esixencia e efectos da clasificación, para poder contratar coas Administracións Públicas contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 500.000 euros, é necesario estar clasificado como contratista de obras.

Para o cálculo do valor estimado, no caso dos contratos de obras, subministracións e servizos, o órgano de contratación tomará o importe total, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), pagadero segundo as súas estimacións, ademais da súa posible liquidación ata un máximo do dez por cento (10 %) do prezo inicial cando nos pregos de cláusulas administrativas particulares advertinse expresamente desta posibilidade. Polo que no caso máis desfavorable.

- PEC: 65.716,33 €
- PEC sin IVA: 54.311,06 €
- Posible liquidación 10 %: 5.431,11 €
- Valor estimado total: 59.742,17 €

Polo que o Valor estimado total ascende a 59.742,17 € (<< 500.000 €). Aínda que este non é o caso para os efectos de que o empresario poida acreditar a súa solvencia mediante a súa clasificación como contratista de obras no grupo ou subgrupo de clasificación

correspondente ao contrato, clasificarémolo no seguinte, **a efectos da acreditación da solvencia**, segundo o Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro (BOE núm. 213, do 5 de setembro de 2015).

A efectos da acreditación da solvencia, pódese indicar que a clasificación podería ser:

**E-1-1:**

- GRUPO E, Hidráulicas
- SUBGRUPO 1, Abastecimentos e saneamentos
- CATEGORÍA 1, cando a cuantía do contrato sexa inferior ou igual a 150.000 euros.

**Lotes:**

O artigo 116.4.g) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, establece que:

*“4. No expediente de contratación xustificárase adecuadamente: (...) g) A decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato, de ser o caso.”*

O artigo 99.3 do dito texto normativo establece que:

*“3. Sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberase prever a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes, e poderanse reservar lotes de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta.*

*Non obstante o anterior, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que se deberán xustificar debidamente no expediente, (...)”*

Vista a Circular sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) 2018, POS+ 2018, recepciónada a través da Plataforma Subtel o 23 de maio de 2018, xustifícase a non división en lotes desta obra polos seguintes motivos válidos:

- As Bases reguladoras do POS+ 2018 foron aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP núm. 188, do 3 de outubro de 2017, antes da publicación da nova Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, publicada no BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017.
- O proxecto da obra foi redactado de acordo coas Bases reguladoras do POS+ 2018 e co entón vixente Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, que non prevían a división en lotes.
- A división en lotes tería un importante custo económico para o concello e implicaría unha maior dedicación do persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que sirvan de base á licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato.
- Aínda que o proxecto inclúe distintos orzamentos parciais ou partes que poderían ser adjudicados por lotes, existen partidas comúns a todas elas, como son as relativas á seguridade e saúde e a xestión de residuos, cuxa aplicación aos distintos lotes esixiría realizar novos cálculos nos novos documentos técnicos para a adjudicación en lotes.

#### **Tipo contrato:**

Para os efectos de contratación, considérase valor estimado segundo, a base impositiva, mais a posible liquidación (10 %), polo tanto con estes importes PEC 65.716,33 €, o que supón 54.311,06 € sen IVE, máis 5.431,11 € (posible liquidación 10 %), o valor estimado é de 59.742,17 €, polo tanto ao tratarse dunha obra o procedemento pode ser aberto (puidendo aplicarse o artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, **procedimento aberto simplificado**), debendo prestarse especial atención á garantía dos principios legalmente establecidos de concorrencia, e igualdade de trato para as distintas empresas.

#### **Oferta económica (Máx 80 pts):**

Valórase ata 80 puntos aplicando a fórmula da Deputación da Coruña, elaborada polo [Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela](#) (<http://www.dicoruna.es/valoracion/>). (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan).

**Incremento prazo de garantía. (Máx 20 ptos):**

Darase a máxima puntuación ao licitador que oferte o maior incremento do prazo de garantía, o resto de licitadores puntuarase proporcionalmente. Só valorarase a ampliación do prazo de garantía ata un máximo de 5 anos (o prazo inicial de 1 ano máis 4 anos). Se algunha oferta presenta maior prazo de garantía do mencionado cualificarase con 0 puntos: Con todo, aínda que se puntúe con 0 puntos, en caso de resultar adxudicatario, a empresa deberá cumprir co prazo de garantía máximo de 5 anos.

**Autorizacións doutras Administracións**

Segundo o informe emitido polo Arquitecto Municipal con data 27 de novembro de 2017, a actuación proxectada considerase viable urbanisticamente, condicionada as determinacións que se establezan na autorización da Deputación provincial. A actuación levarase a cabo sobre un solo municipal calificado nas Normas Subsdiarias de Planeamiento Municipal (BOP 222 de 27 de setembro de 1994) como Solo Urbano de Núcleo Rural.

Con data de rexistro de entrada no SIR do 25 de marzo de 2018 e número 201890000001222, recíbese autorización da Excma. Deputación Provincial da Coruña para executar a obra.

O que se informa para os efectos de servir de referencia ao órgano de contratación, para que se proceda a iniciar os trámites da contratación coa maior brevidade posible.

O Enxeñeiro de Camiños Municipal  
Xefe da Sección de Servizos

Asdo.: Oscar Souto Muíño